



## Psicoloxía.

---

Carga horaria: 3h. Departamento: Filosofía.

### CONTIDOS:

O caso da Personalidade, a Percepción, a aprendizaxe, a Intelixencia e o Pensamento, a afectividade e a psicoloxía social. Ademais xa se tratan con brevidade o Gestaltismo, a Terapia cognitiva, Pavlov, Skinner, Wundt, Freud, Gardner ou Piaget.

Metodoloxía: Aspectos teóricos relevantes dos temas anteriores e visionado dalgún video e documental para desenvolver o explicado na clase e realizar actividades sobre a mesma. Visionado de Ilusións ópticas, etc.

### Contidos de Psicoloxía:

A materia, organízase en seis bloques. A Psicoloxía como ciencia; fundamentos biolóxicos da conduta; procesos cognitivos básicos: percepción, atención, e memoria; procesos cognitivos superiores: aprendizaxe, intelixencia e pensamento; a construción do ser humano. Motivación, personalidade e afectividade; psicoloxía social e das organizacións.

A Psicoloxía é unha rama do saber cuxa finalidade esencial é tanto a comprensión da propia individualidade como das condutas sociais e a súa interrelación.

### Criterios de Avaliación:

§Entender e apreciar a importancia do coñecemento psicolóxico, como ciencia que trata da conduta e os procesos mentais do individuo, valorando que se trata dun saber e unha actitude que estimula a crítica, a autonomía, a investigación e a innovación.

§Análise crítica de textos significativos e breves de contido psicolóxico, identificando as problemáticas formuladas e relacionándoas co estudado na unidade.

§Explicar a evolución do cerebro humano desde un enfoque antropolóxico, distinguindo as súas características específicas das doutros animais.

§Comprender a percepción humana como un proceso construtivo eminentemente subxectivo e limitado, no cal ten a súa orixe o coñecemento sobre a realidade, valorando o ser humano como un procesador de información.

§Explicar e apreciar a relevancia das influencias individuais e sociais no fenómeno da percepción, valorando criticamente tanto os seus aspectos positivos como os negativos.

§Coñecer e analizar a estrutura, os tipos e o funcionamento da memoria humana.

§Explicar as principais teorías sobre a aprendizaxe.

§Comprender os procesos cognitivos superiores do ser humano, como a intelixencia e o pensamento.



§Recoñecer e valorar a importancia da intelixencia emocional no desenvolvemento psíquico da persoa.

§Reflexionar sobre as posibilidades da intelixencia artificial e xulgar criticamente os seus alcances e os seus límites, co fin de evitar a equivocada humanización das máquinas pensantes e a deshumanización das persoas.

§Explicar e valorar a importancia da motivación.

§Comprender o que é a personalidade.

§Entender e reflexionar sobre a complexidade que implica definir o que é un trastorno mental, describindo algúns dos factores xenéticos, ambientais e evolutivos implicados, co fin de comprender as perspectivas psicopatolóxicas e os seus métodos de estudo.

§Recoñecer e valorar os tipos de afectos, así como a orixe dalgúns trastornos emocionais, co obxecto de espertar o seu interese polo desenvolvemento persoal desta capacidade.

§Coñecer a importancia que na maduración da persoa teñen as relacións afectivas e sexuais.